

D. Julio Fernández González

E-mail: matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: F.7.Q/15/15

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2015

Estimado Sr.:

En relación co recurso de alzada mencionado no seu escrito de reclamación, coa data do 25 de xuño, a Secretaría xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, infórmanos que se atopa en trámite co código RA/CON/2015/00105. Ata o de agora, solicitóuselle ao Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial de Ourense un informe sobre o recurso, conforme establece o artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Tamén se lle solicitou a D. Julio Fernández González que acreditase a representación da Asociación 'Matar por Matar, non'.

En virtude do exposto, tan pronto como se resolva o recurso de alzada, lle será notificada a resolución procedente e tamén se remitirá unha copia a esta Institución para a súa integración no expediente de queixa F.7.Q/15/15.

Saúdoo atentamente.



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)